



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE OUTUBRO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente

Tenentes de Alcalde:

Secretaria

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dez de outubro de dous mil vinte e catro baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12/09/2024).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día doce de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

Auséntase da sesión o Sr. Vázquez por ser parte interesada.

2.1.- Comunicación de obra de D^a. Olga Albela Lema. (Expediente número 2024/U026/000033)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Olga Albela Lema para rehabilitación de vivenda consistente na substitución da cuberta, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 29/04/2024.

Dáse conta da declaración responsable presentada na Deputación Provincial de A Coruña por afección da estrada provincial DP 8902 – De Sarandón ao lugar de Sol.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002201300NH43F, emprazada en Rozadela, 4 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos noventa e seis euros con cincuenta céntimos (#296,50#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Incorpórase de novo o Sr. Vázquez á sesión.

2.2.- Comunicación de obra de D^a. María del Carmen Carbia Carril. (Expediente número 2024/U026/000061)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María del Carmen Carbia Carril para construción de peche de parcela, fronte e lateral norte, de aproximadamente 80 metros de largo, con base de bloque, revestido e pintado, que non superará os 1,50 metros de alto e postes e malla de arame ata 1,80 metros de altura total. Recuarase 6 metros do eixe da vía pública.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 2264510NH4326N, emprazada en Marzán de Abaixo - Vedra (Santa Baia), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e un euros con noventa céntimos (#71,90#).

2.3.- Comunicación de obra obra de Be Energy Part, S.L. (Expediente número 2024/U026/000062)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Edgar Imaz Mauriz, en representación de Be Energy Part S.L, para instalación de aerotermia en edificación con destino a vivenda, nos termos da documentación técnica achegada asinada por dona Carla Martínez García en calidade de enxeñeira técnica.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A00400377, emprazada en Nande, 35 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros cento corenta e un euros con catro céntimos (#141,04#).

2.4.- Instancia núm. 202499900000907 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2024/U022/000031)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministración de 40 kw para uso industrial. Proxéctase liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e final na CPM do cliente, sendo a canalización da obra de 2 metros. Carpeta de permisos RBT SAN MIGUEL SARANDON ,1 (VEDRA), con código SGD: 618524020112, en Dozar - Sarandón



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



(San Miguel) (expediente núm.: 2024/U022/000031), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira técnica industrial, cun orzamento provisional de 912,60 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 03/09/2024 (expediente: 1900/2024), para as actuacións solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 20/05/2024, así como ao contido da autorización sectorial.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

Ademais, e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.5.- Comunicación de obra de dona Sara Cutrín Parada. (Expediente número 2024/U026/000063)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Sara Cutrín Parada para renovación de cuberta de vivenda consistente en retirar a tella e colocar nova tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001602000NH43H, emprazada en Sobredo, 17 - Vilanova (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos cincuenta e tres euros (#353,00#).

2.6.- Comunicación de obra de don Felipe Bermúdez Souto. (Expediente número 2024/U026/000054)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Felipe Bermúdez Souto para rehabilitación de edificación con destino a vivenda consistente en substitucións das ventás existentes nos termos da documentación técnica achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001203000NH43F, emprazada en Socastro, 23 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e cinco euros con corenta e oito céntimos (#65,48#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.7.- Comunicación de obra de don Francisco Dapena Cortizo. (Expediente número 2024/U026/000060)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Francisco Dapena Cortizo para arrombar as paredes exteriores mediante un encintado e cambio de ventás exteriores co fin dun mantemento e mellora enerxética do inmovible.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001701600NH43E, emprazada en Bazar, 13 - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (#139,55#).

2.8.- Comunicación de obra de Grupo Osborne, S.A.U. (Expediente número 2024/U026/000064)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Adela Lario Rivas, en representación de Grupo Osborne, S.A.U, para pintado de fachada lateral de edificación con deseño tipo mural.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001200500NH44A, emprazada en Gándara - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Urbano. Peri-A, e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos cincuenta e cinco euros (#255,00#).

2.9.- Instancia núm. 202499900000909 de D^a. Elena Souto Bestilleiro. (Expediente núm.: 2024/U022/000002)

Con data do 12/03/2024 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para obras de reforma parcial de vivenda unifamiliar en Paradela, 12 - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2024/U022/000002), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Juan José Esturao Pena en calidade de arquitecto e cun presuposto de execución material de 36.081,85 euros. O mencionado acordo foi debidamente notificado.

Con data do 06/9/2024 dona Elena Souto Bestilleiro achega solicitude de modificación do acordo nos termos da nova documentación técnica achegada, proxecto básico e de execución, visado asinado por Juan José Esturao Pena, en calidade de arquitecto; achégase oficio de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



dirección de obra, que recae no mesmo técnico; oficio de dirección de execución, que recae en Begoña María Martínez Ces, arquitecta técnica. O presuposto de execución material ascende á cantidade de 137.512,06 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda a modificación da licenza concedida con data do 12/03/2024 nos seguintes termos (manténdose o resto de puntos do acordo):

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Juan José Esturao Pena, Arquitecto COAG 5192, número de visado 2400250 (5-6-7), de data 05/09/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do Concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): (#2.028,00 €#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00 €#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

3º.- Aprobación prezo público excursións terceira idade curso 2024/2025.

Visto que o Concello de Vedra organiza unha nova tempada 2024/25 excursións da terceira idade, e considerando a documentación que obra no expediente 2024/D001/000010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público das excursións da terceira idade para a tempada 2024/2025 que se achega como Anexo I.

Segundo: Proceder á súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica.

4º.-Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de setembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
579	02/09/2024	Expediente de limpeza de parcelas en Piñeiro – San Andrés de Illobre
580	02/09/2024	Adxudicación obra de Mellora de camiños en Fontao, do Plan de mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas (PMM 2024/2025) a Francisco Gómez y Cía, S.L (Expediente núm. 2024/C003/000001)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



581	03/09/2024	Adxudicación de Proxecto senlleiro para obradoiro de produtos agrícolas en San Mamede, financiado polo Agader (100%) a M.C. Mapoca, S.L (Expediente 2024/C002/000008)
582	04/09/2024	Aprobación liquidación taxa por formalización de contrato de Mellora de camiños en Fontao (PMM 2024/2025) a Francisco Gómez y Cía, S.L (Ordenanza Fiscal nº 6. BOP núm. 21/24, do 29.01.2024)
583	04/09/2024	Aprobación liquidación taxa por servizo de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde correspondente ao contrato de Mellora de camiños en Fontao (PMM 2024/2025) a Francisco Gómez y Cía, S.L (Ordenanza Fiscal nº 6. BOP núm. 21/24, do 29.01.2024)
584	04/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
585	04/09/2024	Aprobación convocatoria e bases de selección para a cobertura dunha praza de Técnico/a de xestión cultural, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público do ano 2023.(Expediente núm. 2024/E001/000001)
586	04/09/2024	Aprobación expediente de contratación da obra de Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e Pumariño (POS +2023) (Expediente núm. 2024/C003/000003)
587	04/09/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.31, por importe de 29.834,89 euros
588	04/09/2024	Concesión praza vacante Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a LPC
589	04/09/2024	Concesión praza vacante Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a IPC
590	04/09/2024	Concesión praza vacante Programa Conxuga, modalidade madrugadores, curso 2024/2025 a EGR
591	05/09/2024	Cumprimento trienios persoal municipal
592	06/09/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking do Concello de Vedra, correspondente ao mes de setembro.
593	06/09/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L, incluídos na relación de facturas F.2024.30, por importe de 5.886,91 euros
594	06/09/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á ANPA do CEIP Ortigueira e orde de pagamento segundo convenio
595	06/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
596	06/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
597	06/09/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao C.D. San Mamede e orde de pagamento segundo convenio
598	06/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
599	09/09/2024	Delegación especial a favor da concelleira de cultura, dona Diana Varela Barreiro, para a celebración de dous matrimonios civís o 21.09.2024
600	09/09/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa pola publicación da convocatoria da praza de Técnico/a de xestión cultural, persoal laboral fixo, no DOG.
601	09/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



602	09/09/2024	Denegando pedimento de exclusión pago mensualidade de setembro correspondente ao Programa Conxuga, modalidade madrugadores de EGR
603	10/09/2024	Acordando a prórroga dun ano establecida no PCAP do contrato de Prestación do servizo de limpeza de locais municipais (2 lotes)
604	11/09/2024	Designación Vogal 4ª na Mesa de Contratación da obra de Mellora de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS + 2024) (Expediente núm. 2024/C003/000002)
605	11/09/2024	Designación Vogal 4ª na Mesa de Contratación da obra de Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño (POS + 2023) (Expediente núm. 2024/C003/000003)
606	12/09/2024	Autorización XXXI Carreira Popular de Gundián
607	12/09/2024	Concesión tarxeta de armas para carabina Stinger
608	12/09/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de setembro.
609	12/09/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de madrugadores, correspondente ao mes de setembro.
610	13/09/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Medioambiental AMABUL e orde de pagamento segundo convenio
611	13/09/2024	Aprobación canon da auga do 2º cuadrimestre (autoliquidación)
612	13/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
613	13/09/2024	Aprobación expediente de modificación de crédito 15/2024 , modalidade de xeración de créditos vinculada ás transferencias do Pacto de Estado 2024 (Programa Mulleres + 2024).
614	13/09/2024	Autorización para conexión ao servizo de saneamento da vivenda núm. 12 de Fontao – Vedra
615	13/09/2024	Aprobación e orde de pagamento á entidade pública Augas de Galicia da cantidade de 145.678,41 euros correspondentes ao importe restante da achega municipal á obra de Saneamento nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz (Fase III), de conformidade co convenio de colaboración asinado.
616	16/09/2024	Designación de coordinador de seguridade e saúde da obra de Mellora de camiños en Fontao (PMM 2024/2025)
617	16/09/2024	Aprobación gratificacións por traballos previamente autorizados de revisión e actualización do inventario municipal, realizados fóra da xornada laboral.
618	16/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
619	16/09/2024	Aceptando proposta da Mesa de Contratación da licitación da Prestación do servizo da EIM e requirir a Aurora Pilar y Ana, S.L, mellor clasificado, para que presente a documentación preceptiva para a adxudicación do contrato
620	17/09/2024	Declarando non legais as obras de columnas e acceso á parcela en Quintáns nº 19 – San Xián de Sales e ordenando a demolición das mesmas
621	17/09/2024	Concesión de subvención directa á Asociación de Festexos Populares de San Xián de Sales para a promoción do Entroido da Ulla e aprobación de conta xustificativa
622	17/09/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa para autorización de xestor de residuos para almacenamento, valoración e eliminación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		de residuos do punto limpo
623	18/09/2024	Aprobación conta xustificativa, toma de razón en contabilidade e cumprimento da finalidade da subvención para actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas no marco do Fondo de recuperación, transformación e resiliencia (NexGenerationEU)
624	18/09/2024	Concesión praza vacante Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a RSB
625	18/09/2024	Concesión praza vacante Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a OSB
626	18/09/2024	Concesión ampliación frecuencia asistencia Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a RPC
627	18/09/2024	Concesión ampliación frecuencia asistencia Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a XTR, ATR e JDTR
628	18/09/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2024.32 por importe de 38.355,83 euros
629	19/09/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
630	19/09/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade dependencia, correspondente ao mes de agosto.
631	19/09/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade libre concorrência, correspondente ao mes de agosto.
632	19/09/2024	Concesión de subvención directa á Asoc. Cultural do Ensino do Arte da Música (E.M Santa Cruz de Ribadulla) e aprobación da conta xustificativa
633	20/09/2024	Delegación especial na concelleira de cultura, dona Diana Varela Barreiro, para celebración de matrimonio civil o 28.09.2024
634	20/09/2024	Adxudicación do contrato menor de servizos de desenvolvemento das actividades do Programa Mulleres + 2024 , financiadas coas transferencias do Pacto de Estado a M ^a . Lara Arribas Sánchez
635	20/09/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas F.2024.34, por importe de 19.335,82 euros, por materiais para a obra de <i>Ampliación da rede de abastecemento en Trasariz e Viñogrande</i> , financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental (Expediente núm. 2024/C005/000003)
636	20/09/2024	Aprobación certificación núm. 4 corrixida da obra de Colectores de saneamento en Fontao (POS +Adicional 2/2023) e factura correspondente da adxudicataria Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe total de 21.122,59 euros
637	20/09/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento, incluídos na relación de facturas F2024.33 por importe de 2.701,41 euros
638	20/09/2024	Aprobación certificación liquidación da obra de Colectores de saneamento en Bazar (POS +2022) e factura correspondente da adxudicataria Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 12.531,99 euros
639	20/09/2024	Aprobación conta xustificativa vinculada á achega da D. X. de Xuventude, Participación e Voluntariado para o proxecto Campo de Voluntariado Unindo roteiros, etnografía e sociocultura no Val do Ulla



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



640	20/09/2024	Aprobación de encomenda de xestión ao Concello de Curtis e texto do convenio para a execución do proxecto senlleiro de dixitalización para a posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe Arzúa –Ulloa, subvencionado polo Agader. Acordo ratificado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o día 26.09.2024
641	24/09/2024	Aprobación conta xustificativa e toma razón contabilidade da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico publicada no DOG núm. 14 do 19.01.2024 (Orde do 26.12.2023) (CT235A)
642	24/09/2024	Aprobación conta xustificativa e toma razón contabilidade da subvención para a mellora de coleccións publicada no DOG núm. 14 do 19.01.2024 (Orde do 26.12.2023) (CT235A)
643	24/09/2024	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de setembro
644	24/09/2024	Xustificación final da subvención concedida para a obra de Ampliación da rede de abastecemento a Trasariz e Viñogrande, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024
645	24/09/2024	Solicitude de subvención para a prórroga da contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local
646	25/09/2024	Autorización licenza a traballador municipal por matrimonio do 23.12.2024 / 06.01.2025
647	26/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
648	26/09/2024	Adxudicación do contrato de Prestación do servizo da Escola Infantil Municipal a Aurora Pilar y Ana, S.L (Expediente núm. 2024/C004/000004)
649	27/09/2024	Ampliación SAF , modalidade libre concorrencia, a JLMF
650	27/09/2024	Cambio de titularidade de recibo da taxa por recollida de lixo da vivenda núm. 2 de Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla
651	27/09/2024	Cambio de titularidade de recibo da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 2 de Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla
652	27/09/2024	Prórroga dun mes do contrato de servizo de información turística na oficina de turismo do concello
653	27/09/2024	Cambio de titularidade de recibo da taxa por recollida de lixo da edificación sita en Vista Alegre 14-1º Esquerda –Ponte Ulla
654	27/09/2024	Cambio de titularidade de recibo da taxa por rede de sumidoiros da edificación sita en Vista Alegre 14-1º Esquerda –Ponte Ulla
655	27/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
656	27/09/2024	Devolución aval a Aurora Pilar y Ana, S.l presentado para responder da execución do contrato de Prestación do servizo da Escola Infantil Municipal (2020/C004/000001)
657	30/09/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
658	30/09/2024	Concesión ampliación frecuencia asistencia Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a CMR
659	30/09/2024	Modificación frecuencia asistencia Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2024/2025 a CPAM
660	30/09/2024	Altas no padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

Non se presentan.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.



ANEXO I

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO EXCURSIÓNS TERCEIRA IDADE CURSO 2024/25

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás excursións da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

Excursións ordinarias: as realizadas de outubro de 2024 a xuño de 2025; dun día de duración (Ex. Termas, visitas a lugares de interese de Galicia e Norte de Portugal...)

Excursións extraordinarias: as excursións puntais de varios días de duración realizadas de outubro de 2024 a xuño de 2025, que polas súas características precisan dunha definición específica do seu programa e prezo.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

As actividades están dirixidas ás persoas empadroadas no Concello de Vedra e cumbran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Excursións ordinarias de outubro 2024 a xuño 2025	30,00 €/excursión
Excursións extraordinarias de outubro 2024 a setembro 2025	Será o proposto polo servizo correspondente atendendo ao programa da excursión

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na tempada de excursións 2024/2025. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

- Excursións ordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizarase nos 10 días do mes seguinte ao que tiveron lugar as excursións.
- Excursións extraordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizarase nos 10 días seguintes a realización das excursións.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as excursións.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.